

A ZONA DE INTERESE

Jonathan Glazer, 2023

1226

ESTREA EN NUMAX: 19.01.2024 | V.O.S.E. | +12 | 106 min

O comandante de Auschwitz Rudolf Höss e a súa esposa Hedwig esforzanse en construír unha vida de ensoño para a súa familia nunha casa con xardín preto do campo.

«Unha obra maior. Glazer compón cadro tras cadro dunha precisión admirable. A máis atinada representación da nada»

Luis Martínez, EL MUNDO



Ao outro lado dos muros de Auschwitz

Por Enric Bonet

Que sucedía alén dos muros de Auschwitz? Quen eran os que vivían alí? E como facían para obviar o horror absoluto que se producía ás portas da súa casa? A película *A zona de Interese* do director británico Jonathan Glazer aborda o recorrente tema do Holocausto a través deste orixinal enfoque. Unha década despois de deslumbrar co thriller sobrenatural *Under the Skin* (2013), o retorno á gran pantalla de Glazer reforza a súa condición de cineasta de culto. Faino achegando novas respostas a un dilema habitual na sétima arte: como representar o horror absoluto do Holocausto? Jacques Rivette, membro da Nouvelle Vague, xa se indignou en 1961 falando do "travelling de *Kapo* (Gillo Pontecorvo, 1960)" para denunciar os artificios do cinema para narrar a morte dun detido xudeu.

O realizador de *Zona de Interese* ten en conta unha das grandes leccións de *Shoah* (1985), o monumental documental de Claude Lanzmann que revolucionou a representación e a memoria do Holocausto. Como Lanzmann, Glazer aposta por non representar, senón suxerir a barbarie das cámaras de gas. Para iso, coloca a cámara na fronteira do campo de exterminio. Nunca entra nel, pero o horror resulta omnipresente.

A película é unha interpretación moi libre da novela homónima de Martin Amis, cuxo deceso o 20 de maio aos 73 anos coincidiu coa estrea en Cannes. Glazer narra a vida bucólica da familia de Rudolf Höss, o comandante alemán das SS que dirixiu o campo de concentración nazi. Durante unha visita en Auschwitz (sur de Polonia), "quedei moi sorprendido do preto que estaban a casa e o xardín do comandante do campo de concentración", explicou Galzer. Á beira dos muros de pedra con arames de espiño do primeiro campo de Auschwitz, Rudolph Höss e a súa muller Hedwig –interpretada por unha brillante Sandra Hüller– constrúen unha casa aparentemente idílica. Unha piscina, un invernadoiro, un viñado, un xardín cheo de flores cuxos distintos nomes recita con fruición a muller do comandante nazi e nai dunha familia numerosa de nenos arios. Ela considérao o fogar ideal para educalos, non se quere marchar de alí. Presume de que a alcumen a "raíña de Auschwitz".

Este retrato orixinal e provocador dunha familia de burgueses alemáns durante a Segunda Guerra Mundial ten o mérito de que non os humaniza, senón que mostra a banalidade do mal. Aparentemente, son seres normais, pero tamén egoístas, crueis, sinistros e profundamente antisemitas. Aínda que tentan levar unha vida normal –o filme empeza cun pícnic familiar–, resulta omnipresente nas súas vidas o exterminio en masa que se produce detrás do seu elegante xardín. Unha discusión entre Rudolph e Hedwig vese interrompida por unha patrulla de soldados. Un baño cos seus fillos no río remata de vez. Sempre aparece a sombra de Auschwitz. A súa omnipresencia tradúcese grazas á potente posta en escena de Glazer. Coñecido pola autoría dos videoclips de Massive Attack, Blur ou Radiohead, o británico demostra todo o seu virtuosismo técnico. O espectador queda cativado desde o principio grazas aos planos do bucólico xardín á beira dos muros, torres e chemineas do campo de exterminio. Os planos estáticos resultan predominantes. A cámara sitúase lonxe dos actores. Un estilo que lembra ao do director austríaco Michael Haneke e que mostra o carácter polifacético do cinema de Glazer.

Con todo, estes planos estáticos tamén lembran unha estética do presente: a dos programas de telerrealidade. A mirada do Holocausto desde o presente é unha das claves d' *A zona de interese*. Outro elemento clave para conectar o presente co Holocausto é a opresiva banda sonora. Como sucedía na anterior longametraxe de Glazer, composita a británica Mica Levi, apoiada polo creador sonoro Johnnie Burn. Os seus ruídos abstractos provocan unha náusea incipiente no espectador. E irrompen como unha guía auditiva ideal para calquera visitante actual das cámaras e fornos de Auschwitz. Quizais un dos grandes acertos de *Zona de Interese* é poñer todo o virtuosismo técnico de Glazer ao servizo dunha mensaxe potente: o horror do Holocausto non foi só cousa duns depravados excepcionais. E nada garante que esa historia non se repita.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Under the Skin
Jonathan Glazer.
Avalon [DVD/BR]

La zona de interés,
Martin Amis.
Anagrama